

# << TALENTO COOPERATIVO >>

## Programa de bolsas xerenciais

Traballa na xerencia de cooperativas

[ Análise, planificación e xestión participada en empresas cooperativas ]


**Convoca:** Unión de Cooperativas Galegas Espazocoop

**Destinatarias:** Persoas menores de 30 anos, con preferencia a mulleres, que estean en situación de desemprego e que teñan formación e cualificación en áreas de xestión de empresarial.

### Convoca

**Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop**, dentro do Programa de actuación 2023 da **Rede Eusumo**, e do Programa POCTEP **ES FACTORY**.

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento e consolidación do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social.



### Obxecto

ESPAZOCOOP é unha entidade multisectorial, integrada por cooperativas de distintas clases, que ten, como un dos seus obxectivos, a mellora da xestión e do funcionamento a nivel organizativo das cooperativas que asocia.

Coñecida a situación existente (dun baixo nivel de xerencias profesionais nas cooperativas), ofrece apoio aos procesos de mellora e consolidación, convocando o Programa '**APOIO Á FUNCIÓN XERENCIAL EN COOPERATIVAS – Creando Mellora**' para cooperativas, trátase dun programa de bolsas para realizar procesos de mellora empresarial e formarse na xerencia de cooperativas.

O obxecto desta convocatoria é **seleccionar 4 persoas borseiras, menores de 30 anos, con preferencia a mulleres**, que estean en situación de desemprego e que teñan formación e cualificación en áreas de xestión de empresa para incorporarse nalguna das cooperativas beneficiarias seleccionadas, realizando prácticas na xerencia e nun proxecto de apoio e mellora na entidade, **durante 6 meses e 25 horas semanais** (a bolsa exige ter dispoñibilidade, porque require dunha adicación continua e presencial).

A finalidade do Programa é **mellorar as condicións nas que as cooperativas abordan a función xerencial** e os procesos de mellora nas súas organizacións, e tamén **fomentar o emprego** mellorando a capacitación das persoas mediante un proceso de iniciación profesional nas cooperativas beneficiarias.

## FASES E CONDICIÓN DAS BOLSAS

### Selección das persoas bolseiras

Realizarase un proceso de selección das persoas bolseiras, do que se encarga EspazoCoop, para seren asignadas a cada unha das entidades beneficiarias dunha Bolsa, que terá estas fases:

- 1) Remisión do **currículo** e cobertura do **formulario de solicitude**. No mesmo, indicaranse as localizacións de preferencia para a estadía laboral.
- 2) Unha vez recibida a solicitude, remitiremos as claves de acceso á plataforma de formación de EspazoCoop, na que se **realizará unha acción formativa sobre cooperativismo e economía social**. A superación desta acción formativa será requisito imprescindible para continuar no proceso de selección.
- 3) Selección final das bolseiras. Con resultados anteriores, seleccionaranse as candidatas finais que pasarán **unha entrevista**, para selección das 4 persoas que se incorporarán ás bolsas o 1 de novembro de 2024.

### Período de duración da Bolsa

A estadía da persoa bolseira na entidade beneficiaria comprenderá do **1 de novembro de 2024 ao 30 de abril de 2025**. Formalizarase un contrato de traballo en prácticas, de 25 horas semanais, coa correspondente cotización á Seguridade Social.

Ó finalizar a estadía, acudirán a unha xornada final do programa, na que se compartiran os resultados máis relevantes da súa participación no programa.

### Localización xeográfica das entidades beneficiarias do Programa 'Talento Cooperativo'

- **A Coruña** (1 entidade/bolsa)
- **Ferrol** (1 entidade/bolsa)
- **Vigo** (1 entidade/bolsa)
- **Moaña** (1 entidade/bolsa)

A cada persoa bolseira seleccionada seralle asignada unha entidade en base á localidade á que se candidata.

## Programa Formativo

As Bolsas son un programa formativo (teórico e práctico), e as persoas bolseiras seguirán un Plan de Traballo establecido, de xerencia dunha empresa cooperativa, tendo como obxectivo final a elaboración dun **proyecto de Plan de Mellora** para a mesma.



A formación está adaptada ás particularidades do modelo empresarial das cooperativas e entidades economía social, e basease en principios e valores propios, como a participación, a xestión democrática, a relación coa comunidade, a propiedade conxunta, a cooperación entre cooperativas, a autonomía, a axuda mutua, a responsabilidade compartida, a equidade ... O programa **incorpora as especialidades do Cooperativismo**.

O proceso de traballo consiste na elaboración dunha diagnose interna da cooperativa, facendo un percorrido polas diferentes áreas da empresa:

- ◆ **Organizativa e Lexislativa**
- ◆ **Comercial e Mercadotecnia**
- ◆ **Económico e Financeira**
- ◆ **Planificación Estratéxica**
- ◆ **Plan de Mellora**

E para elo contan coa **tutorización especializada de EspazoCoop** que se encarga de realizar o seguimento e acompañamento dos traballos prácticos que fai na entidade como: acadar información relevante dos distintos ámbitos da entidade, analizar as diferentes áreas, aprender a interpretar a información, ordenar a información, propór, comunicar e guiar con eficacia para acadar obxectivos, planificar para lograr as metas, aplicar accións de mellora, realizar o seguimento das medidas tomadas na entidade, etc.

Tratarase de que as persoas bolseiras adquiren unha visión estratéxica para aplicala na entidade; potenciar capacidades e habilidades claves.

Non só se trataría de xestionar máis ou mellor, senón pensar estratexicamente en novas accións que se terían que realizar ou cales deberían deixar de facerse.

Os traballos, en cada entidade beneficiaria dunha Bolsa, terán un certo grao de adaptabilidade, en base ás súas necesidades e demandas específicas na área xerencial da entidade.

As persoas bolseiras complementarán a súa formación participando nas actividades formativas que Espazocoop lles ofertará.

## Lugares nos que se desenvolve a Bolsa

Como as persoas bolseiras seguirán un programa formativo teórico-práctico, dinamizado por unha persoa titora da Unión, o lugar de celebración dos traballos de apoio xerencial serán :

- Nas instalacións da propia cooperativa.
- Nos lugares onde se desenvolvan as sesións de titoría ao longo da Bolsa, nas que deben participar, que serán informados con antelación.
- No lugar de celebración da Xornada final de resultados.

## Adicación da Bolsa na cooperativa

A **adicación semanal** da persoa bolseira será de **25 horas semanais**, e desenvolverase ao longo de **6 meses**.

Ao finalizar a Bolsa asistirán a unha xornada final de resultados en Santiago de Compostela.

## Axuda económica

Cada persoa bolseira recibirá una retribución bruta mensual de **700,00 €**.

## Solicitantes e perfís

Persoas menores de 30 anos, con preferencia de mulleres, que estean en situación de desemprego, permiso de traballo por conta allea en España, e en posesión do título de grao, diplomatura ou licenciatura en titulacións relacionadas coa xestión empresarial (Administración e Dirección de Empresas, Económicas, Empresariais, Relacións Laborais, ...), tamén de Ciclos Superiores de formación profesional en especialidades relacionadas coa xestión empresarial.

Perfís en sintonía coa economía social, ou con sensibilidade, predisposición e inquietude por modelos empresariais con esa orientación.

Para a selección das persoas bolseiras valorarase a traxectoria de estudos, coñecementos técnicos (análise económica e financeira, xestión fiscal, laboral ou contable, estratexia empresarial...), a formación e coñecementos en economía social, as experiencias laborais, experiencias de carácter asociativo ou comunitario, de voluntariado, etc.

Tamén serán valoradas as actitudes e aptitudes para desenvolver labores xerenciais - capacidades e habilidades neste sentido-, como aspectos de iniciativa, resolución de conflitos, motivación, traballo en equipo e habilidades sociais, tamén os coñecementos de ferramentas e instrumentos de xestión, así como as que se poidan determinar coas entidades para cada proxecto concreto.

A selección final das persoas beneficiarias será validada por unha Comisión de EspazoCoop, atendendo aos criterios establecidos na convocatoria para entidades deste Programa.

## SOLICITUDES E PRAZO

O prazo para inscribirse abrangue dende o **18 de outubro ao 28 de outubro de 2024**. As persoas interesadas en candidatar como bolseiras deberán :

- 1) Cumprimentar o **formulario electrónico de datos** [neste enlace](#)
- 2) Enviar o seu **currículo** á Unión de Cooperativas EspazoCoop, ao correo electrónico: [roberto@espazo.coop](mailto:roberto@espazo.coop)

A inscrición **deberá indicar**, entre outros datos, a **localidade á que optan**.

- O que as candidatas indiquen no formulario de inscrición debe axustarse ao indicado no currículo enviado.
- O currículo avalará certas respostas do formulario, e debe cumprir os requisitos e condicións mencionadas nesta convocatoria, se non é así, a súa puntuación pode ser minorada ou inclusive pode excluírse a candidatura, ao non poder contrastar ou xustificar as respostas dadas no formulario e os requisitos da convocatoria.
- O currículo ten que poder acreditarse no momento que EspazoCoop o solicite.

- 3) Realización dunha acción formativa en liña sobre cooperativismo e economía social.

## INFORMACIÓN E CONSULTAS

**Teléfono e mail de consulta e información:**

986 86 61 49 . De 9:00 a 14.00 horas, de luns a venres.

[roberto@espazo.coop](mailto:roberto@espazo.coop)

## ACEPTACIÓN DAS BASES

A presentación da solicitude implica a conformidade e aceptación das bases da convocatoria por parte da persoa solicitante.

**A entidade convocante resérvase a posibilidade de modificar as datas, se fora o caso, por motivos e causas de interese para o desenvolvemento do proceso e o Programa.**

**Esta iniciativa conta co apoio e está no marco dos programas:**

– Programa 2024-2025 da Rede Eusumo. Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia, co financiamento do Ministerio de Traballo e Economía Social do Goberno de España.

– Proxecto 0259\_ES\_Factory\_1\_E que está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER no marco do programa Interreg VI A España – Portugal 2021-2027.